

BORRADOR DA ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 30 DE XULLO DE 2015

ASISTENTES:

Presidente:

D. José Luís Rivas Cruz

Concelleiros:

Dna. Sandra Sánchez Íñiguez

D. Abelardo Seoane Vázquez

Secretaria-Interventora:

Dna. Rebeca Vázquez Vázquez

Na Casa Consistorial do Concello de Boimorto sendo as 11:16 horas do día trinta de xullo de 2015, xúntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os membros da Xunta de goberno local relacionados na marxe, baixo a presidencia do alcalde, D. José Luís Rivas Cruz.

Non asiste nin xustifica a súa ausencia a concelleira, Dna. Ana Ledo Fernández.

Foron asistidos pola Secretaria-Interventora Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

Aberta a sesión pola Sra. Alcaldesa, pásanse a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES

Coñecidas polos/as asistentes, a través de fotocopias repartidas xunto coa convocatoria, a acta da sesión constitutiva da Xunta de Goberno Local celebrada o día 07/07/2015, de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

ÚNICO.- Aprobar a acta da sesión constitutiva da Xunta de Goberno Local celebrada o día 07/07/2015.

2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO

2.1.- RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE E VOLUNTARIADO EN RELACIÓN Á SOLICITUDE PRESENTADA POR ESTE CONCELLO AO ABEIRO DA ORDE DE 7 DE ABRIL DE 2015

Pola secretaria dáse conta de resolución enviada pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, rexistro de entrada neste concello co nº 1878 en data 21/07/2015, no que se comunica a este concello a resolución da subvención ditada en relación á solicitude presentada ao abeiro da Orde de 7 de abril de 2015, concedendo a este concello a cantidade de 4.800,00 Euros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.2.- CERTIFICACIÓN DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR DA CANTIDADE A TRANSFERIR POLA PRESTACIÓN DE AXUDA NO FOGAR (DEPENDENCIA)

Pola secretaria dáse conta de certificación enviada polo Servizo de Dependencia e Autonomía Persoal da Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar, rexistro de entrada no concello co nº 1790 en data 10/07/2015 da cantidade que se liquidará e transferirá a este concello correspondente ao 1º trimestres de 2015 pola prestación do servizo de axuda no fogar (dependencia): 21.784,16 Euros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e acordan por unanimidade solicitar á traballadora social que emita informe onde se faga constar as horas adxudicadas corresponden ao período de pago, horas de atención efectivamente prestadas e en caso de non cubrir as horas adxudicadas indicar as causas polas que non se cubriron a totalidade das horas adxudicadas.

2.3.- RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN DE TURISMO DE GALICIA EN RELACIÓN COA SOLICITUDE PARA A DECLARACIÓN DO EVENTO “CANTAR DE REIS” COMO FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA

Pola secretaria dáse conta de resolución enviada pola Dirección de Turismo de Galicia, rexistro de entrada neste concello co nº 1806 en data 14/07/2015, no que comunica que a solicitude presentada por este concello de declaración de Festa de Interese turístico de Galicia para o evento “Cantar de Reis” ven de ser arquivada polo incumprimento da Disposición Transitoria segunda do Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro (DOG nº 12, do martes 20 de xaneiro de 2015).

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e acordan por unanimidade que a técnica de cultura prepare recurso alegando que o Cantar de Reis ten moita antigüidade.

2.4.- ESCRITO DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR SOBRE O CALENDARIO LABORAL ANO 2016

Pola secretaria dáse conta de escrito enviado pola Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar, rexistro de entrada no concello co nº 1917 en data 28/07/2015 comunicando que o Consello da Xunta de Galicia aprobou o día 15 de xullo o calendario laboral para o ano 2016 na Comunidade Autónoma de Galicia e solicítase deste concello a remisión das datas concretas dos dous días de festa deste termo municipal antes do día 30 de setembro de 2015.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e acordan por unanimidade incluír este punto na orde do día da convocatoria do pleno de setembro para a súa aprobación.

2.5.- SOLICITUDE DA PRESIDENTA DA ANPA DO CPI ARMANDO COTARELO VALLEDOR EN RELACIÓN CO SERVIZO DE MADRUGADORES PARA O CENTRO

Pola secretaria dáse conta de escrito enviado por Dna. Susana Sánchez García, presidenta da ANPA do CPI Armando Cotarelo Valledor, rexistro de entrada no concello co nº 1849 en data 17/07/2015, no que solicita a este concello que facilite os recursos humanos precisos para o desenvolvemento do Servizo de Madrugadores no centro dende as 08:00h ata as 09:30h.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e acordan comunicar á presidenta que se estudará o asunto.

3.- LICENZAS, PERMISOS AUTORIZACIÓNS

3.1.- LICENZAS, PERMISOS

3.1.1.- LICENZAS

Vista a instancia con data 29/07/2015 con rexistro de entrada no Concello co número 1931, subscrita por Dna. Yolanda Mejuto Vázquez con DNI núm. 46710246Y actuando como directora da Asociación de persoas maiores con discapacidade e apoio a integración das comarcas de Arzúa e Terra de Melide (AMARAI), na que solicita autorización para uso do polideportivo municipal para realización de actividades culturais dende o día 2 de setembro ao 9 de setembro de 2015, en horario de 10:45 a 11:45 horas e a exención do pagamento da taxa pola súa utilización.

Visto o artigo 5º da Ordenanza fiscal nº 10, reguladora da taxa por utilización do polideportivo municipal e en uso das facultades outorgadas legalmente polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local a Xunta de Goberno Local **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Autorizar á Asociación de persoas maiores con discapacidade e apoio a integración das comarcas de Arzúa e Terra de Melide (AMARAI) o uso do polideportivo municipal dende o día 2 de setembro ao 9 de setembro de 2015, en horario de 10:45 a 11:45 horas para realización de actividades culturais.

SEGUNDO.- Recoñecer á asociación AMARAI a exención do pagamento da taxa pola utilización do polideportivo municipal en base ao disposto no artigo 5º f) da mencionada Ordenanza fiscal, ao tratarse de actividades promovidas por un entidade sen fins de lucro de ámbito municipal.

TERCEIRO.- Comunicar este acordo ao técnico de deportes para que se encargue de abrir e pechar o polideportivo municipal e o teña en conta na programación de actividades.

CUARTO.- Notificar o presente decreto á interesada, con expresión dos recursos que pode interpoñer contra o mesmo, así como o lugar e prazo para interpoñelos.

3.2.- AUTORIZACIÓNS

3.2.1.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUBMINISTRO DE AUGA 2/2015

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello número 1651 con data 02/07/2015, presentada por D. José Ramón Lamas García, DNI núm. 78788063E, con domicilio a efectos de notificación en Rúa Sargento Veiga nº 6 1º, A Coruña, na que solicita a conexión á rede de abastecemento de auga da obra de vivenda unifamiliar no lugar de Gárdoma, parroquia de Boimil, deste termo municipal.

Vista a ordenanza fiscal nº 8 reguladora pola taxa de subministro de auga artigo nº 5 A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar a D. José Ramón Lamas García autorización para conexión provisional á rede de abastecemento de auga da obra de vivenda unifamiliar no lugar de Gárdoma, parroquia de Boimil, deste termo municipal, polo período de vixencia da licenza de obras.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de abastecemento de auga na contía de = 50 Euros.

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

4.- URBANISMO OBRAS SERVIZOS

4.1.- URBANISMO

Advirte a secretaria interventora sobre a non constancia nos expedientes de comunicación previa sobre a legalidade dos inmobles (construcións) sobre as que realizar obras solicitadas, por ter licenza ou ben darse o caso de declaración de fora de ordenación pasados os prazos fixados legalmente para a incoación e resolución de expediente de reposición da legalidade urbanística vulnerada, o que leva a advertir que non poderían autorizarse obras novas sobre construcións ilegais que previamente deberían ser obxecto de expediente de reposición da legalidade urbanística sen prexuízo do inicio e resolución no seu caso de expediente sancionador urbanístico.

4.1.1.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA MENOR CP-005

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 25 de xuño de 2015 (RE núm. 1576) coas seguintes características:

Datos do solicitante

Nome e apelidos:	María Luisa Couceiro Mella
CIF:	76514962B
Domicilio:	Lg. Arosa núm. 6 - Arceo - 15818 Boimorto

Datos da obra:

Obxecto:	Construción dun muro de cerramento de 27,3 metros de lonxitude e 1,5 metros de altura a base de bloque de formigón cunha altura de 0,75 metros, revestido con pedra natural tipo taco de Santiago. Ata a altura máxima de 1,5 metros colocárase unha rexa metálica de barrotes. Ademais, colocárase unha tubaxe de drenaxe no perímetro exterior do cerramento, sobre unha capa de formigón en masa, cunha capa de grava e para rematar a superficie colocárase unha capa de formigón armado con mallazo, saneando a zona e mellorando a accesibilidade.
Nome do técnico redactor da memoria técnica	D. Miguel Rey Vázquez, arquitecto técnico, colexiado nº 2.710
Situación:	Lg. Arosa núm 6 - Arceo - 15818 Boimorto
Referencia catastral:	001501200NH66F0001RZ
Orzamento de execución:	6.510,46 €uros
Calificación urbanística:	Solo de núcleo rural coa categoría de orixinario disperso
Autorización sectoriais:	Non precisa
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Ángel Delgado Cid, de data 29 de xuño de 2015

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e de competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 194.5 da LOUG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 6.510,46 €uros

Liquidación 2%: **130,21 €uros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a Dna. María Luisa Couceiro Mella indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.1.2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA MENOR CP-005

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 30 de xuño de 2015 (RE núm. 1609) coas seguintes características:

Datos do solicitante

Nome e apelidos:	José Lino Budiño Bello
CIF:	76311031K
Domicilio:	Rúa Vilanova núm. 18 - Boimorto - 15817 Boimorto

Datos da obra:

Obxecto:	Construción dun muro de cerramento na fachada da parcela situada no número 18 da rúa Vilanova do núcleo urbano de Boimorto, cunha lonxitude de 23,64 m, dos cales 19,14 se corresponden con tramos de muro de cerramento e os restantes 4,50 co portal e porta de acceso. O cerramento será a base de muro de bloque de formigón de 1,0 m de altura revestido con pedra rústica, sobre o que se colocará unha balaustrada de pedra cunha altura de 1,0 m. Instalarase un portalón metálico de 3,5 m de ancho por 2,0 m de altura e unha porta metálica de 1,0 m de ancho por 2,0 m de altura. Ambos serán de cor marrón.
Nome do técnico redactor da memoria técnica	D. Javier López López, enxeñeiro técnico agrícola, colexiado nº 1.049
Situación:	Rúa Vilanova núm. 18 - Boimorto
Referencia catastral:	1120326NH7612S0000FD
Orzamento de execución:	2.974,07 Euros
Calificación urbanística:	Solo urbano ordenanza de edificación extensiva
Autorización sectoriais:	Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 17/06/2015 autorizando as obras (exp. nº 2015/0213 CN)
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Ángel Delgado Cid, de data 1 de xullo de 2015)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e de competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 194.5 da LOUG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 2.974,07 Euros

Liquidación 2%: **59,48 Euros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a D. José Lino Budiño Bello indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.1.3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA MENOR CP-005

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 15 de xullo de 2015 (RE núm. 1826) coas seguintes características:

Datos do solicitante

Nome e apelidos:	María Luisa Sandá Barreiro
CIF:	76498283F
Domicilio:	Lg. Santarandel núm. 9 - Arceo - 15818 Boimorto

Datos da obra:

Obxecto:	Construción dun muro de cerramento de 56,70 m, deixando na parte central do mesmo un espazo aberto de 5,0 m para facilitar o acceso á finca. Executarase unha cimentación sobre a que se disporá un muro de cachotería realizado a base de pedra cunha altura de 1,50 m. Sobre o mesmo non se instalará cerramento adicional algún.
Nome do técnico redactor da memoria técnica	D. Javier López López, enxeñeiro técnico agrícola, colexiado nº 1.049
Situación:	Lg. Santarandel núm. 9 - Arceo - 15818 Boimorto
Referencia catastral:	000600100NH76E001JH
Orzamento de execución:	6.808,28 Euros
Calificación urbanística:	Solo de núcleo rural coa categoría de orixinario disperso
Autorización sectoriais:	Non precisa
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Ángel Delgado Cid, de data 22 de xullo de 2015)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e de competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 194.5 da LOUG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra, segundo informe do técnico: 11.841,23 Euros

Liquidación 2%: **236,82 Euros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a Dna. María Luisa Sandá Barreiro indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.1.4.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA MENOR CP-004

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 27 de xullo de 2015 (RE núm. 1912) coas seguintes características:

Datos do solicitante

Nome e apelidos:	José María Varela Sesar
DNI:	33133596A
Domicilio:	Rúa Gándara núm. 9 - 15817 Boimorto

Datos da obra:

Obxecto:	Pintado das fachadas dunha nave, así como colocación de caballete angular, cumios e canalóns para recollida de augas
Situación:	Rúa Gándara - Boimorto
Referencia catastral:	0715718NH7601N0001UI
Orzamento de execución:	1.061,17 Euros
Calificación urbanística:	Solo urbano ordenanza de edificación extensiva
Autorización sectoriais:	Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 29/01/15 autorizando as obras (exp. nº 2014/882 CN)
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Ángel Delgado Cid, de data 29 de xullo de 2015)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e de competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 194.5 da LOUG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 1.061,17 Euros

Liquidación 2%: **21,22 Euros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a D. José María Varela Sesar o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.2.- OBRAS E SERVIZOS

4.2.1.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO SUBMINISTRO DE ARRENDAMENTO DE EQUIPOS DE LUZ E SON PARA O FESTIVAL DE LA LUZ 2015 (EXPT. CSPNSP 1/2015)

Visto o expediente de contratación por procedemento negociado sen publicidade tramitado en relación coa contratación do subministro de arrendamento de equipos de luz e son para o Festival de la Luz 2015 (expte. CSPNSP 1/2015) no que se declara como oferta económica máis ventaxosa por Decreto da Alcaldía nº 259/2015 de data 05/06/2015 a presentada por Galievents, S.L., en cumprimento do disposto no artigo 151.1 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, acordo que se transcribe literalmente:

<<Decreto 259 / 2015 Data decreto: 05/06/2015 Descrición decreto: Proposta de adxudicación do contrato subministro de arrendamento de equipos de luz e son para o Festival de la Luz 2015, Expediente: CSPNSP 1/2015.

Visto o expediente do procedemento negociado tramitado en relación coa contratación do subministro de arrendamento de equipos de luz e son para o Festival de la Luz 2015 (expte CSPNSP 1/2015).

Aprobado dito expediente por Decreto da Alcaldía 161/2015 en data 24/04/2015 constando no expediente informe de Secretaría-Intervención en relación con esta contratación e de existencia de crédito de intervención en relación á aplicación orzamentaria do orzamento municipal para a anualidade 2015 338.22799 cun orzamento de execución por contrata de 30.250,00 €uros IVE incluído (valor estimado 25.000,00 € máis 5.250,00€ en concepto de IVE de 21%).

Remitidas invitacións, en cumprimento do disposto no artigo 178 do RD Legislativo 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, para participar a: Galievents, S.L. CIF: B-94104619; Filamento Iluminación, S.L. CIF: B-70289780 e Escenarent, S.L. CIF: B-36463446.

Visto o certificado de presentación de ofertas asinado pola secretaria en data 15/05/2015 que se reproduce literalmente:

<<DONA REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ, SECRETARIA INTERVENTORA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA),

CERTIFICO:

Que en cumprimento do decreto ditado pola Alcaldía número 161/2015 en data 24/04/2015 remitidas invitacións para a súa participación no procedemento negociado sen publicidade de contratación do subministro de arrendamento de equipos de luz e son para o Festival de la Luz 2015 e outorgado un prazo de oito días naturais para a presentación de ofertas polas tres empresas invitadas na data de hoxe presentanse por rexistro de entrada neste Concello:

.- Galievents, S.L. (con CIF B-94104619) presenta:

Sobre A con entrada nº 1054 en data 13/05/2015

Sobre B con entrada nº 1055 en data 13/05/2015

.- Escenarent, S.L. (con CIF B-36463446) presenta:

Sobre A con entrada nº 1056 en data 13/05/2015

Sobre B con entrada nº 1057 en data 13/05/2015

En relación coa terceira empresa invitada Filamento Iluminación, S.L. consta no expediente con acuse de recibo a recepción da invitación municipal en data 04/05/2015, a día 15/05/2015 non foi presentada oferta polo que debería quedar fora da licitación.

E para que conste no expediente expido a presente certificación de orde e co visto e prace da Alcaldesa

En Boimorto, quince de maio de 2015

Vº Prace
A Alcaldesa

A Secretaria:

Asdo.- Ana Ledo Fernández>>

Non sendo necesario constitución da mesa de contratación, procédese pola secretaria en presenza da Alcaldía á apertura do sobre A das dúas ofertas presentadas, ambas empresas presentan o Anexo 4 do prego de cláusulas administrativas particulares pola que se rixe esta contratación, indicando que cumpren coas condicións establecidas legalmente para poder contratar con esta Administración.

Continúa a secretaria coa apertura do sobre B “Oferta económica” en presenza da Alcaldía das dúas empresas que ofrecen o seguinte prezo:

	Prezo sen IVE	IVE	TOTAL
Galievents, S.L.	25.000,00 €	5.250,00 €	30.250,00 €
Escenarent, S.L.	27.500,00 €	5.775,00 €	33.275,00 €

Resultando que a oferta económica presentada por Escenarent, S.L. supera o presuposto máximo de licitación, polo queda excluída do procedemento de adxudicación.

Tendo en conta o regulado no prego de cláusulas administrativas particulares así como no artigo 151 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, esta Acaldía **RESOLVE**:

PRIMEIRO.- Declarar como oferta máis ventaxosa a presentada por Galievents, S.L. CIF: B-94104619 e domicilio Apto de correos 13 36650 Caldas de Reis, para contratación do subministro de arrendamento de equipos de luz e son para o Festival de la Luz 2015 por procedemento negociado sen publicidade (expte. CSPNSP 1/2015) a executar segundo o prego de condicións técnicas e a oferta económica presentada fixando o importe de adxudicación en 30.250,00 €uros IVE incluído (prezo sen IVE 25.000,00 €uros máis 5.250,00 €uros en concepto de IVE de 21%).

SEGUNDO.- Requerir a Galievents, S.L. para que en aplicación do previsto no artigo 151 do TRLCSP, no prazo de cinco días hábiles a contar desde o seguinte a aquel en que reciba o requerimento presente a seguinte documentación xustificativa esixida na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares e cláusula 8 do prego de condicións técnicas que rixe a contratación, consistente en:

A) A documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

B) Constituír a garantía definitiva por importe de 1.250,00 €uros (5% **importe de adxudicación sen IVE**), por calquera dos medios a que se refire o art. 96 do TRLCSP.

C) Declaración de que dispón efectivamente dos medios que se houbese comprometido a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme o artigo 64 do TRLCSP.

E) Contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil e danos con cobertura suficiente para os posibles danos que se poidan ocasionar ás persoas ou bens con motivo da prestación do subministro. A póliza deberá estar vixente durante todo o prazo de duración do contrato.

Así mesmo, en aplicación do Anexo 4 do prego de cláusulas administrativas particulares deberá acreditar ante o órgano de contratación posesión e validez dos documentos esixidos no sobre “A” cláusula 9 que inicialmente foi substituída por declaración responsable.

Advertíndolle que, de non cumprimentarse adecuadamente o requerimento no prazo sinalado, entenderase que retirou a súa oferta, procedéndose nese caso á declaración de deserta esta licitación.

Boimorto, cinco de xuño de dous mil quince

O Alcalde en funcións

Asdo.- José Ángel Rey Seoane

Perante min:

A secretaria

Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez>>

Resultando que a empresa Galievents, S.L constituíu garantía definitiva por importe de 1.250,00 €uros mediante ingreso na conta bancaria de Abanca titularidade deste Concello e os documentos xustificativos esixidos.

De conformidade co establecido nos artigos 151.4, 154 e 156 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, a Xunta de Goberno Local por unanimidade en exercicio das competencias delegadas en materia de contratación ACORDA:

PRIMEIRO.- Adxudicar á empresa Galievents, S.L. CIF: B-94104619 e domicilio Apto de Correos 13 36650 Caldas de Reis a contratación convocada mediante procedemento negociado sen publicidade para o subministro de arrendamento de equipos de luz e son para o Festival de la Luz 2015 CSPNSP 1/2015 por importe de 30.250,00 €uros IVE incluído (prezo sen IVE 25.000,00 €uros máis 5.250,00 €uros en concepto de IVE de 21%). O contrato deberá executarse con estricte suxeición aos pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexen a contratación e nos termos da súa oferta.

SEGUNDO.- Dispoñer o gasto con cargo á partida 338.22799 do vixente orzamento municipal.

TERCEIRO.- Notificar esta adxudicación ó/s interesado/s indicando que o adxudicatario terá un prazo de oito días hábiles dende o día seguinte ao da recepción da notificación da adxudicación definitiva para a formalización do contrato en documento administrativo.

CUARTO.- Certificación deste acordo cólguese no perfil do contratante desta administración.

4.2.2.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO SERVIZO DE INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS E ALUMEADO PROVISIONAL PARA O FESTIVAL DE LA LUZ COSECHA 2015 (EXPTE. CSPNSP 1/2015)

Visto o expediente de contratación por procedemento negociado sen publicidade tramitado en relación coa contratación do servizo de instalacións eléctricas e alumeado provisional para o Festival de la Luz Cosecha 2015 (expte. CSPNSP 1/2015) no que se declara como oferta económica máis ventaxosa por Decreto da Alcaldía nº 333/2015 de data 10/07/2015 a presentada por Luz Puntual, S.L. (Trípide), en cumprimento do disposto no artigo 151.1 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, acordo que se transcribe literalmente:

<<**Decreto:** 333 / 2015 **Data decreto:** 10/07/2015 **Descrición decreto:** Proposta de adxudicación do contrato de servizo de instalacións eléctricas e alumeado provisional para o Festival de la Luz Cosecha 2015.

DON JOSE LUIS RIVAS CRUZ ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Visto o expediente do procedemento negociado tramitado en relación coa contratación do servizo de instalacións eléctricas e alumeado provisional para o Festival de la Luz Cosecha 2015 (expte CSPNSP 1/2015).

Aprobado dito expediente por Decreto da Alcaldía 220/2015 en data 20/05/2015 constando no expediente informe de Secretaría-Intervención en relación con esta contratación e de existencia de crédito de intervención en relación á aplicación orzamentaria do orzamento municipal para a anualidade 2015

338.22799 cun orzamento de execución por contrata de 48.400,00 €uros IVE incluído (valor estimado 40.000,00 €uros + 8.400,00 €uros de IVE do 21%).

Remitidas invitacións, en cumprimento do disposto no artigo 178 do RD Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, para participar a Producción e Xestión Cultural, S.L. CIF: B-36743755; Trípede, S.L. CIF: B-15793433 e Kachet Loxística, S.A. CIF: A-15422892.

Visto o Decreto 249/2015 en data 02/06/2015 acordando a rectificación erro prego para contratación deste servizo e novo prazo de presentación de ofertas.

Visto o certificado de presentación de ofertas asinado pola secretaria en data 23/06/2015 que se reproduce literalmente:

<<DONA REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ, SECRETARIA INTERVENTORA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA),

CERTIFICO:

Que en cumprimento do Decreto ditado pola Alcaldía número 220/2015 en data 20/05/2015 así como a rectificación acorda por Decreto número 249/2015 en data 02/06/2015, remitidas invitacións para a súa participación no procedemento negociado sen publicidade de contratación do servizo de instalacións eléctricas e alumeadado provisional para o Festival de la Luz Cosecha 2015” e outorgado un prazo de oito días hábiles para a presentación de ofertas polas tres empresas invitadas na data de hoxe presentanse por rexistro de entrada neste Concello en tempo e forma das empresas:

.- Kachet Loxística, S.A. con CIF A-15422892 presentou no Concello de Boimorto en data 05/06/2015 escrito con rexistro de entrada nº 1293 no que comunica que por carga de traballo non pode aportar a documentación precisa para licitar á contratación deste servizo.

.- Luz Puntual, S.L (Trípede) (con CIF B-15793433) presenta:

Sobre A con entrada nº 1388 en data 17/06/2015

Sobre B con entrada nº 1389 en data 17/06/2015

